

# CARTAFOL ESCOLAR

Curso 2024-2025



**MUÑOS  
INDUSTRIAIS  
DE XUVIA**

# ÍNDICE

1. Que é o CIMIX?
2. Horarios
3. Visitas guiadas
4. Obradoiros habituais
5. *Escape Room*
6. Reserva de actividades
7. A ter en conta
8. Datos de contacto
9. Redes sociais
10. Enderezo

# QUE É O CIMIX?

Situado na antiga Real Fábrica de Fariñas de Lestache, construída en 1775, o **Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX)** é un proxecto de recuperación patrimonial impulsado polo **Concello de Narón** coa colaboración da **Deputación da Coruña**.

Aquí poderedes coñecer unha obra mestra da enxeñería hidráulica no contexto da Ilustración impulsada polo emprendedor francés Jean Lestache, quen decidiu invertir as súas ganancias na construción de dous muíños fariñeiros que se converteron nunha infraestrutura esencial para o abastecemento de cereais no reino.

# HORARIOS



## APERTURA HABITUAL

XOV

10:00 h - 14:00 h

VEN

10:00 h - 14:00 h

SÁB

16:30 h - 20:30 h

DOM



## CENTROS EDUCATIVOS


XOV

VEN

10:00 h a 14:00 h

# VISITAS GUIADAS

XOV



**A partir das  
10:30 h**

VEN

O CIMIX ofrece un servizo didáctico de visitas guiadas dirixidas a centros educativos, adaptadas a todos os niveis de ensino, dende a educación infantil ata a secundaria.

Durante a visita, o estudiantado terá a oportunidade de coñecer a historia deste complexo arquitectónico, a importancia da familia Lestache e o impacto que tivo na construción da nosa historia. Unha experiencia enriquecedora que achega á mocidade ao patrimonio cultural e industrial da antiga Terra de Trasancos.

**DURACIÓN APROXIMADA: 45 min.**

# OBRADOIROS HABITUAIS

## INFANTIL

### DO GRAN AO PAN

Aprenderemos o proceso de elaboración do pan a través de viñetas despregables que representan cada etapa, desde a recolección do gran ata a cocción do pan. Crearemos unha historia visual que facilita a comprensión do ciclo do pan de forma divertida e manual.



## PRIMARIA

### REPICANDO

Creación da réplica dunha moa do muíño con arxila de modelar para ilustrar os sucos onde pasaba o gran para ser moído. Simularemos o proceso de repicado das pedras para entender a importancia das labores de mantemento no correcto funcionamento do muíño.

## INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA

### MOE QUE MOE

Realización dun percorrido histórico dende as primeiras civilizacións ata a época industrial, explorando a evolución das técnicas de moenda. Experimentaremos de primeira man a moenda tradicional para comprender a labor dos muiñeiros/as e importancia da cadea de produción do pan.

## SECUNDARIA E ADULTOS

### ENTRE LIÑAS

Obradoiro de investigación a modo de competición por equipos. A través da análise de copias das cartas conservadas de Lestache, competiremos para a resolución dun enigma, promovendo así un maior achegamento á súa persoa e o seu contexto histórico de forma interactiva e colaborativa.

# PRÓXIMAMENTE... **ESCAPE ROOM**

Próximamente o CIMIX ofrecerá unha nova actividade: un *Escape Room* interactivo, no que os grupos poderán resolver unha serie de pistas e retos para desentrañar misterios relacionados co patrimonio industrial da comarca. Esta actividade estará dispoñible durante o horario de apertura ao público e será necesaria previa reserva para garantir a mellor experiencia. O *Escape Room* constitúe unha forma divertida e educativa de explorar o centro, permitindo ás persoas participantes aprender de maneira dinámica, adaptada a diferentes idades e grupos.



# VISITA GUIADA + OBRA DOIRO

Para aproveitar ao máximo a experiencia da visita ao noso centro, recomendamos optar polo pack **obra doiro + visita guiada**.

A capacidade limitada do edificio converte esta opción na máis atractiva para grupos e colexios, plantexando así a división do grupo en dous máis pequenos, o que permite albergar a un número maior de xente dentro da concertación dunha mesma visita.

DURACIÓN APROXIMADA: **2 HORAS**

CAPACIDADE MÁXIMA: **50 PERSOAS**



# RESERVA DE ACTIVIDADES

Se es un centro educativo e queres visitarnos deberás facer unha reserva con antelación. Podes contactar connosco no teléfono 624 596 226 ou en calquera momento escribindo ao mail [info@cimix.gal](mailto:info@cimix.gal).

Para a formalización da reserva precisamos que nos facilites os seguintes datos:

- Nome do grupo ou cole
- Data da visita (xoves ou venres)
- Número de asistentes
- Idades
- Actividades escollidas
- Hora de chegada
- Persoa de contacto
- Teléfono de contacto



## VISITA GUIADA + OBRADOIRO

**5,50 € POR PERSOA**

# A TER EN CONTA

## Reservas e pago

- A reserva debe facerse con antelación, polo menos 7 días antes da data da visita.
- O pago debe realizarse 3 días antes da visita por transferencia bancaria, ou en metálico o mesmo día da visita.
- En caso de realizarse o pagamento por transferencia, enviar xustificante ao centro para confirmar a reserva.

## Política de cancelacións

- A anulación da visita deberá facerse cunha antelación mínima de 7 días.
- Non se admitirán cancelacións no día previo nin na data estipulada para a visita. En caso de non asistir sen previo aviso, o importe da visita non será reembolsado.

## Espazo para merenda

- O CIMIX dispón dun patio interior con acceso a máquinas expendedoras para que o alumnado poida realizar a súa merenda no tempo de descanso entre a visita guiada e o obradoiro. Lembrade manter limpo o espazo.

# DATOS DE CONTACTO



**Páxina web:**

<https://cimix.gal/>



**Teléfono:**

624 596 226



**Correo:**

[info@cimix.gal](mailto:info@cimix.gal)



# REDES SOCIAIS



@cimix.naron



@cimix.naron



@cimixnaron



CIMIX Narón



**SÉGUENOS!**

# ENDEREZO



**Aldea San Roque, 8, 15570 Narón, A Coruña**



**APARCAMENTO**

